



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA E A CONSELLERÍA DO MAR PARA A XESTIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA Ó CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia “BUGalicia”, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre BUGalicia e a Consellería do Mar para a xestión conxunta de recursos electrónicos de información científica ó Centro de Investigacións Mariñas, que resultan básicas para o desenvolvemento do traballo científico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

BUGalicia é unha entidade pública que, de acordo cos seus estatutos, concibiuse esencialmente para mellorar a calidade dos servizos das bibliotecas das universidades galegas a través da cooperación entre bibliotecas tendo como obxectivos, entre outros, o de crear e xestionar o servizo de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais, e de adquirir recursos documentais a través de contratos de subministracións de publicacións mediante convocatorias públicas comúns ás tres Universidades, incrementando deste xeito a efectividade da investigación e da ensinanza ao aumentar os recursos bibliotecarios dispoñibles.

O obxectivo fundamental de BUGalicia é a mellora continua da calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria, redundando nunha xestión eficiente e





racional dos fondos dispoñibles para elo

Nesa liña, o Centro de Investigacións Mariñas, solicitou a súa incorporación como membro asociado; o que foi aprobado na reunión do Consello de Goberno de data de 6 de maio de 2015 (O Centro de Investigacións Mariñas pertencente á Consellería do Mar exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente ás referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía segundo o disposto no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar).

Dado que a definición de membro asociado non leva consigo ser membro de pleno dereito, nin ter ningún poder de decisión nos órganos de goberno ou calquera outro do citado consorcio que non sexa a colaboración e cooperación anteriormente indicada; non leva aparelado por si mesmo ningún gasto nin contraprestación económica para ser membro asociado, deben concretarse estes dereitos en virtude de convenios de colaboración

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, tal e como se establece no seu artigo 6, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

